

Disposición transitoria única.

As embarcacións de recreo matriculadas deberán completar, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta orde, os elementos de seguridade que leven a bordo cos demais que resulten obrigatorios de acordo co establecido nela. Para os equipamentos relacionados no capítulo V, o prazo será de nove meses.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto a esta lei e, en concreto:

A Orde do 10 de xuño de 1983 sobre normas complementarias de aplicación ó Convenio internacional para a seguridade da vida humana no mar de 1974, e o seu protocolo de 1978 ós buques e embarcacións nacionais, modificada por Orde do 31 de xaneiro de 1986 e Orde do 29 de agosto de 1986, no que afecta as embarcacións comprendidas no ámbito de aplicación desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor ós tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de abril de 2003.

ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

9582 *ORDE APA/1145/2003, do 30 de abril, pola que se modifican determinados anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e o tránsito cara a países terceiros. («BOE» 113, do 12-5-2003.)*

O Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros incorporou ó ordenamento xurídico interno a Directiva 77/93/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1976, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, codificada pola Directiva 2000/29/CE do Consello do 8 de maio de 2000 con idéntico título que a anterior, e a Directiva 92/76/CEE da Comisión, do 6 de outubro de 1992, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios

específicos, substituída pola Directiva 2001/32/CE da Comisión, do 8 de maio de 2001, pola que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios e se derroga a Directiva 92/76/CEE.

Non obstante, as ditas directivas sufriron diversas modificacións que foron incorporadas ó noso ordenamento xurídico mediante as correspondentes ordes ministeriais, a última das cales foi a Orde APA/227/2003, do 4 de febreiro, pola que se modifican algúns anexos do citado Real decreto 2071/1993, de conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2071/1993.

Neste sentido, mediante esta orde, incorpóranse ó ordenamento xurídico interno a Directiva 2003/21/CE da Comisión, do 24 de marzo de 2003, pola que se modifica a Directiva 2001/32/CE en relación con determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, e a Directiva 2003/22/CE, da Comisión do 24 de marzo de 2003, pola que se modifican determinados anexos da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introducción na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Na elaboración desta disposición foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Modificación dos anexos do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro.*

Os anexos I, II, III, IV e V do Real decreto 2071/1993, do 26 de novembro, relativo ás medidas de protección contra a introducción e difusión no territorio nacional e da Comunidade Económica Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedarán modificados de acordo co disposto no anexo desta orde.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto nesta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de abril de 2003.

ARIAS CAÑETE

ANEXO

1. O texto da columna da dereita do punto 1 da letra b) da parte B do anexo I, substituirase polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), IRL, P (Azores), FIN, S (excepto zonas dos termos municipais de Bromölla, Hässleholm, Kristianstad e Östra Göinge no condado de Skåne), UK (Irlanda do Norte)».

2. O último parágrafo da parte B do anexo I substitúese polo seguinte texto:

«No epígrafe b)1, para Suecia, o período de recoñecemento de zona protexida finalizará o 31 de marzo de 2004».

3. A parte B do anexo II modificarase do modo seguinte:

No punto 2 da letra b), o texto da terceira columna substituirase polo seguinte:

«E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Apulia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venecia Xulia; Lacio; Liguria; Lombardía; Marcas; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Toscana; Trentino-Alto Adige: provincias autónomas de Bolzano e Trento; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara; na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga)».

4. O último parágrafo da parte B do anexo II substitúese polo seguinte texto:

«No epígrafe b)2 para Irlanda, Italia (Apulia; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Lombardía; Trentino-Alto Adige: provincia autónoma de Bolzano; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara; na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), e Austria [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], o período de recoñecemento das ditas zonas protexidas finalizará o 31 de marzo de 2004».

5. O texto da columna da dereita do punto 1 da parte B do anexo III substituirase polo seguinte:

«E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Apulia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venecia Xulia; Lacio; Liguria; Lombardía; Marche; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Toscana; Trentino-Alto Adige: provincias autónomas de Bolzano e Trento; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara; na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa

Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga)».

6. A parte B do anexo IV modifícase do seguinte modo:

a) Nos puntos 20.1, 20.2, 22, 23, 25, 26, 27.1, 27.2 e 30, o texto da terceira columna substituirase polo seguinte:

«DK, F (Bretaña), IRL, P (Azores), FIN, S (excepto zonas dos termos municipais de Bromölla, Hässleholm, Kristianstad e Östra Göinge no condado de Skåne), UK (Irlanda do Norte)».

b) O texto da letra a) da segunda columna do punto 21 substituirase polo seguinte:

«os vexetais son orixenarios das zonas protexidas de E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Apulia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venecia Xulia; Lacio; Liguria; Lombardía; Marcas; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Toscana; Trentino-Alto Adige: provincias autónomas de Bolzano e Trento; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara; na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga)».

c) O texto da terceira columna do punto 21 substituirase polo seguinte:

«E, F (Córsega), IRL, I (Abruzzi; Apulia; Basilicata; Calabria; Campania; Emilia-Romaña: provincias de Forlì-Cesena, Parma, Piacenza e Rímini; Friul-Venecia Xulia; Lacio; Liguria; Lombardía; Marcas; Molise; Piemonte; Sardeña; Sicilia; Toscana; Trentino-Alto Adige: provincias autónomas de Bolzano e Trento; Umbría; Val de Aosta; Véneto: excepto, na provincia de Rovigo, os municipios de Rovigo, Polesella, Villamarzana, Fratta Polesine, San Bellino, Badia Polesine, Trecenta, Ceneselli, Pontecchio Polesine, Arquà Polesine, Costa di Rovigo, Occhiobello, Lendinara, Canda, Ficarolo, Guarda Veneta, Frassinelle Polesine, Villanova del Ghebbo, Fiesso Umbertino, Castelguglielmo, Bagnolo di Po, Giacciano con Baruchella, Bosaro, Canaro, Lusia, Pincara, Stienta, Gaiba, Salara; na provincia de Padua, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Piacenza d'Adige, Vescovana, S. Urbano, Boara Pisani, Masi, e, na provincia de Verona, os municipios de Palù, Roverchiara, Legnago, Castagnaro, Ronco all'Adige, Villa Bartolomea, Oppeano, Terrazzo, Isola Rizza, Angiari), A [Burgenland, Carintia, Baixa Austria, Tirol (distrito administrativo de Lienz), Estiria, Viena], P, FIN, UK (Irlanda do Norte, illa de Man e illas do Canal da Manga)».

7. Nos puntos 1 e 8 da parte B do anexo V, despois de «Paquistán» inserírase o texto «Sudáfrica».

TÁBOA DE EQUIVALENCIA DOS EPÍGRAFES DOS ANEXOS DO REAL DECRETO 2071/1993 E O ANEXO DA DIRECTIVA 2001/32/CE RELATIVOS ÁS ZONAS PROTEXIDAS

Orde 27-II-2001 (anexos do Real decreto 2071/1993)	DIR 2001/32/CE
<p>ANEXO I -Parte B-</p> <p>Organismos nocivos dos que se deben prohibir a introducción e propagación en determinadas zonas protexidas</p>	<p>ANEXO</p>
<p>a) Insectos, ácaros e nematodos en todas as fases do seu desenvolvemento.</p> <p>1. Bemisia tabacci Genn (poboacións europeas) a) 2</p> <p>2. Globodera pallida (Stone) Behrens . a) 6</p> <p>3. Leptinotarsa decemlineata Say a)13</p> <p>4. Liriomyza bryoniae (Kaltenbach) a)14</p> <p>b) Virus e organismos afíns.</p> <p>1. Beet necrotic yellow vein virus d) 1</p> <p>2. Tomato spotted wilt virus d) 2</p>	
<p>ANEXO II -Parte B-</p> <p>Organismos nocivos dos que se deben prohibir a introducción e propagación nalgúnhas zonas protexidas, de se presentaren en determinados vexetais ou produtos vexetais</p>	<p>ANEXO</p>
<p>a) Insectos, ácaros e nematodos, en todas as fases do seu desenvolvemento.</p> <p>1. Anthonomus grandis (Boh.) a) 1</p> <p>2. Cephalcia lariciphila (Klug) a) 3</p> <p>3. Dendroctonus micans Kugelan a) 4</p> <p>4. Gilpinia hercyniae (Hartig) a) 5</p> <p>5. Gonipterus scutellatus Gyll a) 7</p> <p>6.a) Ips amitinus Elchhof a) 8</p> <p>b) Ips cembrae Heer a) 9</p> <p>c) Ips duplicatus Sahlberg a)10</p> <p>d) Ips sexdentatus Boerner a)11</p> <p>e) Ips typographus Heer a)12</p> <p>7. Matsucoccus feytaudi Duc a)14</p> <p>8. Sternochetus mangiferae Fabricius. a)15</p> <p>9. Thaumetopoea pityocampa (Den. et Schiff.) a)16</p> <p>b) Bacterias.</p> <p>1. Curtobacterium flaccumfaciens pv. flaccumfaciens (Hedges) Collins et Jones b) 1</p> <p>2. Erwinia amylovora (Burr.) Winsl. et al b) 2</p> <p>c) Fungos.</p> <p>1. Glomerella gossypii Edgerton c) 1</p> <p>2. Gremmeniella abietina (Lag.) Morelet c) 2</p> <p>3. Hypoxylon mammatum (Wahl.) J. Miller c) 3</p> <p>d) Virus e organismos similares.</p> <p>Citrus Tristeza Virus (cepas europeas) .. d) 3</p>	

MINISTERIO DE CIENCIA E TECNOLOXÍA

9688 *REAL DECRETO 401/2003, do 4 de abril, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións.* («BOE» 115, do 14-5-2003.)

O Real decreto lei 1/1998, do 27 de febreiro, sobre infraestructuras comúns nos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación, establece un novo réxime xurídico na materia que, desde a perspectiva da libre competencia, permite dota-los edificios de instalacións suficientes para atende-los servizos de televisión, telefonía e telecomunicacións por cable, e posibilita a planificación destas infraestructuras de forma que faciliten a súa adaptación ós servizos de implantación futura. A disposición derradeira primeira deste real decreto lei autoriza o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o seu desenvolvemento e aplicación.

Así mesmo, a Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no seu artigo 53, establece que, con pleno respecto ó previsto na lexislación reguladora das infraestructuras comúns no interior dos edificios para o acceso ós servizos de telecomunicación, se establecerán regulamentariamente as oportunas disposicións que a desenvolvan, nas que se determinará tanto o punto de interconexión da rede interior coas redes públicas coma as condicións aplicables á propia rede interior. O citado artigo 53 prevé a aprobación da normativa técnica básica de edificación que regule a infraestructura de obra civil, na que se deberá tomar en consideración as necesidades de soporte dos sistemas e redes de telecomunicación, así como a capacidade suficiente para permiti-lo paso das redes dos distintos operadores, de forma que se facilite o seu uso compartido. O mesmo precepto dispón tamén que por regulamento se regulará o réxime de instalación das redes de telecomunicacións nos edificios xa existentes ou futuros, naqueles aspectos non previstos nas disposicións con rango legal reguladoras da materia.

Por outra parte, o artigo 60 da Lei xeral de telecomunicacións determina que regulamentariamente se establecerán, logo de audiencia dos colexios profesionais afectados e das asociacións representativas das empresas de construción e instalación, as condicións aplicables ós operadores e empresas instaladoras de equipamentos e aparellos de telecomunicacións, co fin de que, acreditando a súa competencia profesional, se garanta a posta en servizo dos equipamentos e aparellos. Ademais, o mencionado precepto esixe que, regulamentariamente, se establecerán os requisitos esixidos ás empresas instaladoras, respectando as competencias das comunidades autónomas no seu ámbito territorial para o outorgamento, de se-lo caso, das correspondentes autorizacións ou o mantemento dos oportunos rexistros.

Na súa virtude, dictouse o Real decreto 279/1999, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestructuras comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior dos edificios e da actividade de instalación de equipamentos e sistemas de telecomunicacións.

Non obstante, o desenvolvemento nos últimos anos das tecnoloxías da información e comunicacións, así